

REPRESENTACION DE GALICIA EN PARIS

Visto:

O resultado favorable da xestión que o Consello de Galiza lle encomendara ó irmán Conselleiro de Relacións D. Ramón Suárez Picallo, pra desinñar un representante en París que, en nome de Galicia e dos galegos que aituán na emigración pra conquistar a súa liberdade nun réximen de autodeterminación política, republicán e democrática, e

Considerando:

As circunstancias políticas, patrióticas e persoales que concurren na persoa de Don César Alvajar Diéguez, natural da Cruña, quen acepta ocupar ise posto, en completo acordo con un índice de ideas, principios e propósitos, que, reservadamente, lle foi consultado, con referencia á súa situación

O CONSELLO DE GALIZA

Acordar

Nomear a Don César Alvajar Diéguez seu representante en París, con poderes e facultades d-abondo, pra aituar perante o Goberno Republicano Español en exilio, eisi como ante os gobernos autónomos de Euzkadi e Catalunya, en todol-os traballos que se foagan mancomunadamente, pra restaurar na Península, un rexímen de liberdade, de democracia e de convivencia pacífica, entros homes i-os povos que a habitan. Eisi como ante outros gobernos ou institucións supranacionais, onde Galicia poida ser solicitada ou consultada.-

Pors efectos de que o noso representante poida aituar noutros aspectos da acción que se ven realizando en París, tendente a poñerlle fin ó rexímen aitalmente imperante na Península, O Consello prégallo á Irmandade Galega que, no seu caraiter de entidade espe-

cificamente política e patriótica, dos galegos, no exilio, lle conceda é devandito D. César Alvajar, tamén a súa representación, perante os partidos políticos, organizacións sindicais e demais institucións militantes que actúan no mesmo senso desde París.-

Dado na cidade de Buenos Aires, República Argentina, o día dezacito de nadal do ano de 1957.-

Ramón Suárez Picallo

Ramón Suárez Picallo
 Conselleiro de Relacións

Antón Alense Ríos
 Secretario
 do Consello de
 Galiza